

JOSÉ SUÁREZ. **UNHA VIDA, UNHA OBRA**

Manuel Sendón
X. L. Suárez Canal

José Suárez é un fotógrafo absolutamente singular dentro da fotografía histórica galega. As súas imaxes teñen unhas características moi definidas, que se manteñen durante toda a súa longa traxectoria fotográfica, produto dunha visión reflexiva, moi persoal, determinada por unha rica formación cultural que lle dá un claro carácter de autor do que carecen xeralmente os fotógrafos profesionais históricos.

Toda a súa vida vai estar intimamente ligada á fotografía. A cámara fotográfica, como lembra o seu irmán Paco, será unha peza máis da súa anatomía: *As poucas veces que o vía sen ela parecíame que na súa entidade física había como unha mutilación.*



JOSÉ SUÁREZ FERNÁNDEZ

DÍA DAS ARTES GALEGAS 1 de ABRIL 2026



José Suárez



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



**XUNTA
DE GALICIA**

José Suárez Fernández

José Suárez Fernández naceu na vila ourensá de Allariz, o 17 de decembro de 1902.

Despois de estudar o bacharelato en Ourense, onde comeza a facer as primeiras fotografías, pasa a estudar, aos dezanove anos, a carreira de Dereito en Salamanca ao tempo que colabora coa revista *Vida Gallega*. Ao remate dos estudos universitarios entra a traballar como avogado na Asesoría Xurídica do Concello de Salamanca.

José Suárez Fernández



No ano 1932 publicou o libro *50 fotos de Salamanca*, con prólogo de Miguel de Unamuno. A finais de 1936, por mor da Guerra Civil, exiliouse na Arxentina e Uruguai traballando como fotoxornalista nos diarios *La Prensa* e *El Día*.

É autor de reportaxes fotográficas sobre actividades profesionais tradicionais galegas: oleiros, telleiros, segadores, mariñeiros e romeiros.




Mariñeiros. Anos 30

Faleceu na Guarda, Pontevedra, en xaneiro de 1974 e, oito anos despois, publicouse o seu libro *Galicia: terra, mar e xentes*, cun total de cento sesenta e unha fotografías.



Este ano 2026 a Real Academia Galega de Belas Artes escolleuno como protagonista do Día das Artes Galegas.



Unamuno en La Flecha. Salamanca